

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

ORDE do 2 de maio de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a axencias de viaxe para a promoción e comercialización do destino Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2011, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007-2013 (CT 983J).

O turismo en Galicia estase a posicionar como un pilar da economía galega. Neste momento, Galicia posúe un produto turístico amplo e diversificado, que sitúa a nosa comunidade como un destino turístico preferente.

Na comunidade galega, como no resto do territorio do Estado, a actividade turística levada a cabo polas axencias de viaxe é un pilar fundamental do fenómeno turístico e son, sen dúbida, as artífices do auxe experimentado nos movementos de viaxeiros, de aí, a súa enorme importancia no sector, o que as constitúe no cimento en que se asentan ou no núcleo sobre o que gravitan bo número do resto de actividades turísticas.

Neste sentido e na actualidade, as axencias de viaxe están asistindo a unha reestruturación e a un cambio nas súas actividades tradicionais derivadas dunha maior exigencia da demanda por parte dos consumidores, cunha conxuntura económica complicada, nace así o Plan de Acción de Turismo de Galicia 2010–2013.

O plan prevé actuacións para levar a cabo unha xestión integral nos vindeiros anos e converterse así nunha ferramenta de traballo ao servizo do sector. De cada política nacen unha serie de estratexias e, pola súa vez, de cada unha delas despréndense as liñas de actuación que hai que implementar. Unha das accións é o desenvolvemento do receptivo, que consideramos que pode ser complemento en cuestión de ingresos e, asemade, achegar valor engadido e, en consecuencia, incrementar o gasto e a estancia media dos nosos visitantes.

Todo iso fai necesario un esforzo constante na presentación de novos enfoques e solucións imaxinativas para as empresas do sector de xeito que creen novos servizos mellor adaptados á demanda.

Así, as axencias de viaxe enmarcadas na nosa comunidade, como principal expoñente e medio condutor que dá a coñecer a abundante e múltiple oferta turística existente no

noso territorio, teñen un reto neste momento que derive na expansión, comercialización e difusión da oferta turística de Galicia en todos os ámbitos. Por iso, deben dar un asesoramento experto e especializado e xestionar de maneira activa o mercado turístico, a través da confección de viaxes a medida, ofertar novos servizos máis personalizados acordes coas tendencias que apuntan os mercados, e neste caso o mercado que demanda oferta galega, tendo en conta que a organización, creación e venda dun produto turístico implica coñecer a oferta turística e as actividades que se poden realizar na zona.

Por outra parte, o Programa operativo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional Galicia 2007–2013 é un documento de programación comunitaria aprobado pola Comisión Europea que recolle a articulación da estratexia da Xunta relacionada con distintos eixes prioritarios de intervención. Nestes eixes establécense medidas dirixidas á mellora da calidade de vida nas zonas rurais e medidas para mellorar os servizos turísticos, tales como a reforma e modernización do turismo dado o carácter prioritario do sector do turismo na comunidade autónoma.

Deste xeito, a Consellería de Cultura e Turismo, a través da Secretaría Xeral para o Turismo, quere propiciar un marco favorable para a creación e desenvolvemento de iniciativas turísticas de calidade dado o peso do sector turístico no conxunto da economía da nosa comunidade autónoma que se reflicte no impulso das economías locais e na creación de emprego.

En consecuencia e con cargo aos créditos da Consellería de Cultura e Turismo asignados para esta finalidade, e todo isto consonte o establecido sobre medidas de fomento no artigo 54 da Lei 14/2008, do 3 de decembro, de turismo de Galicia, en concordancia co sinalado no artigo 55 da dita lei e tendo en conta o determinado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, convócanse axudas destinadas a favorecer a comercialización do destino turístico de Galicia a través da modernización e actualización tanto de aplicación de novas tecnoloxías como da promoción e comercialización do produto das axencias de viaxe así como o deseño de novos produtos turísticos.

DISPOÑO:

Artigo 1. *Convocatoria e bases reguladoras.*

1. Esta orde ten por obxecto aprobar as bases reguladoras que se inclúen como anexo I, para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a entidades operadoras de axencias de viaxe para a promoción e comercialización do destino Galicia a través do deseño de paquetes turísticos especializados que creen novos produtos e/ou

novas ofertas creativas, así como procesos de certificación das axencias de viaxe segundo as normas do Instituto da Calidade Turística Española (ICTE) ou outras de recoñecido prestixio de ámbito internacional.

2. Así mesmo, por medio desta orde convócanse as devanditas subvencións para o ano 2011.

Artigo 2. *Solicitudes.*

1. Para poder ser beneficiario das subvencións deberá presentarse unha solicitude axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo II desta orde, que irá acompañada dos documentos que se especifican no artigo 4 das bases reguladoras.

2. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información, poderán dirixirse á Secretaría Xeral para o Turismo, a través do teléfono 881 99 75 94 ou 981 54 74 06, ou do número de fax 981 54 66 47.

Artigo 3. *Lugar e prazo de presentación das solicitudes.*

1. As solicitudes presentaranse no Rexistro Único da Xunta de Galicia ou por calquera outro dos restantes medios previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación.

Se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

Artigo 4. *Prazo de duración do procedemento de concesión.*

Unha vez rematado o prazo para a presentación de solicitudes, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras.

O procedemento de concesión non poderá ter unha duración superior aos seis meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no DOG.

Artigo 5. *Información aos interesados.*

Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Secretaría Xeral para o Turismo, a través dos seguintes medios:

- a) Páxina web oficial da consellería: www.culturaeturismo.xunta.es, na súa epígrafe de axudas.
- b) Páxina web oficial da Secretaría Xeral para o Turismo (www.sxturismo.org).
- c) Os teléfonos 881 99 75 94 e 981 54 74 06 da devandita secretaria xeral.
- d) Presencialmente.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento.*

Facúltase a Secretaría Xeral para o Turismo para que dite as resolucións que sexan precisas para o desenvolvemento e a aplicación desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2011.

Roberto Varela Fariña
Conselleiro de Cultura e Turismo

ANEXO I

Bases reguladoras específicas para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a entidades operadoras de axencias de viaxe para a promoción e comercialización do destino Galicia (CT983J)

Artigo 1. *Obxecto e réxime das subvencións.*

As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto a concesión das subvencións da Consellería de Cultura e Turismo, en réxime de concorrencia competitiva, para a promoción e comercialización do destino Galicia a través do deseño de paquetes turísticos especializados que creen novos produtos e/ou resalten novas ofertas creativas dentro dos principais produtos que configuran a oferta turística de Galicia, así como procesos de

adecuación das axencias de viaxe segundo as normas do Instituto da Calidade Turística Española (ICTE) ou outras de recoñecido prestixio de ámbito internacional.

2. As axudas reguladas nesta orde establécense ao abeiro do Regulamento (CE) 1080/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (DOUE L 210, do 31 de xullo) para o período 2007–2013 de acordo co establecido na Orde EHA 524/2008, do 26 de febreiro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo Feder e Fondo de Cohesión.

As axudas reguladas nestas bases axústanse ao obxecto establecido no eixe 5: desenvolvemento sustentable local e urbano, tema prioritario 57: axudas á mellora dos servizos turísticos, coordinación e promoción do turismo, actuación 2 Desenvolvemento do sector turístico do Programa operativo Feder Galicia (2007–2013).

3. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva e quedará suxeito ao Regulamento (CE) 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis* (DOUE L379, do 28 de decembro).

4. Considéranse proxectos subvencionables todos aqueles que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2011.

Con carácter xeral e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionable.

En concreto, consideraranse actuacións subvencionables as que se citan a continuación:

Liña A) Deseño de paquetes turísticos de nova configuración.

Están comprendidos nesta liña aqueles proxectos que configuren un paquete turístico, entendendo por este a oferta de servizos básicos como aloxamento, transporte e manutención combinada con, polo menos, dúas actividades de oferta de ocio.

Esta liña busca a potenciación e a diversificación da múltiple e nova oferta turística de Galicia baixo calquera formulación de segmentación da oferta: turismo de saúde, gastronómico, náutico, deportivo, de golf, de caza, de pesca, enoturismo, turismo mariñeiro, turismo relixioso, de natureza, de observación de especies, sendeirismo, centros BTT ou similares.

Así mesmo, preténdese potenciar a creación e comercialización de oferta combinada dirixida a grupos e mercados específicos: familiar, para a xuventude, sénior, accesible etc., así como colectivos minoritarios.

Considéranse accións subvencionables dentro desta liña:

- Os gastos de creación do produto.
- Os gastos de deseño e maquetación de folletos, catálogos, orixinais de publicidade ou calquera outro material promocional relacionado coa creación dese novo produto.
- Ferramentas ou aplicacións web para a promoción ou venda en liña dos produtos en sitios web propios ou de terceiros, publicidade e posicionamento en liña específicos dos produtos desenvolto.
- Os gastos de distribución do material de promoción impreso.
- As insercións publicitarias en medios de comunicación ou calquera outro soporte. A valoración máxima das insercións en medios será a da tarifa oficial do medio.
- Os gastos de organización de eventos promocionais e comerciais tales como presentacións e viaxes de familiarización directos e inversos. En concreto, considerarase subvencionable o gasto de viaxes de axentes, medios de comunicación en xeral e clientes corporativos nos casos de viaxes de incentivo, aloxamento, restauración, aluguer de salas e espazos para presentacións e todos aqueles que se entenda que teñen relación directa cos actos.

Liña B) Produtos existentes renovados.

Será subvencionable nesta liña a comercialización e promoción de novos produtos cunha oferta creativa e diferente que contribúan á mellora da competitividade do sector e reflictan unha imaxe de marca de Galicia como destino turístico moderno e actual.

As actuacións subvencionables dentro desta liña serán:

- A recuperación de produtos tradicionais e actividades alternativas ás tradicionais.
- Deseño e desenvolvemento transversal de produtos de natureza, culturais e dobres produtos, integrando termalismo e outras actividades complementarias.
- Deseño e impulso á innovación e renovación en produtos tradicionais ou envellecidos.

– Tecnificación e innovación nos procesos de comercialización: páxinas web, centrais de reservas, comercio electrónico etc. Non se considerará subvencionable dentro desta liña o gasto relativo á implementación de portais ou plataformas dixitais.

– As insercións publicitarias en medios de comunicación ou calquera outro soporte. A valoración máxima das insercións en medios será a da tarifa oficial do medio.

– Os gastos de organización de eventos promocionais e comerciais tales como presentacións á canle de comercialización e viaxes de familiarización directos e inversos. En concreto, considerarase subvencionable o gasto de viaxes de axentes, medios de comunicación en xeral e clientes corporativos nos casos de viaxes de incentivo, aloxamento, restauración, aluguer de salas e espazos para presentacións e todos aqueles que se entenda que teñen relación directa cos actos. Quedan excluídos os gastos de retribución de persoal e axudas de custo.

– Adecuación dos soportes de promoción aos parámetros de accesibilidade para persoas discapacitadas ou con dificultades de acceso á información.

– Traducións dos soportes de promoción e comercialización aos diferentes idiomas.

– Presentación de paquetes turísticos que se vaian comercializar para a súa promoción.

Liña C) Mellora dos establecementos e da calidade turística.

Considéranse accións subvencionables dentro desta liña:

– Proxectos destinados á mellora das instalacións e adecuación de espazos indispensables que se realicen nos establecementos adheridos ao Instituto para a Calidade Turística Española (ICTE), que poidan condicionar a correspondente certificación, seguimento ou renovación da marca Q de Calidade Turística do Instituto para a Calidade Turística Española (ICTE).

– Procesos de primeira certificación, seguimento e/ou renovación da marca de Calidade Turística Q do ICTE, correspondentes a este ano.

Só se considerarán as xustificacións de gasto con data da auditoría de certificación, seguimento e/ou renovación, e quedarán excluídos os gastos xerados polo persoal da entidade solicitante da axuda, así como aqueles gastos en que incorra o solicitante no

referido a formación, asesoramento e consultoría no proceso de implantación/mellora continua.

Os conceptos obxecto desta axuda son aqueles procedentes de colaboracións externas e servizos asociados cuxos custos sexan soportados directamente polos establecementos:

– Custos de auditoría externa de certificación, seguimento e/ou renovación do sistema, facturados por entidade auditora acreditada polo ICTE para a realización da auditoría de certificación, seguimento ou renovación. Só se terán en conta as xustificacións de gasto con data da auditoría de certificación posterior, e quedarán excluídos os gastos xerados polo persoal dependentes dos establecementos, así como aqueles gastos nos cales incorra o solicitante durante o proceso de implantación do correspondente sistema de xestión. Os importes obxecto de subvención serán os derivados, exclusivamente, dos custos de auditoría deste ano 2011.

– Custos derivados dos dereitos da xestión e mantemento anual da marca Q no ano 2011, unha vez obtida a certificación, seguimento e/ou renovación do establecemento, facturados polo ICTE ao establecemento.

Só se procederá ao pagamento da axuda no caso do logro efectivo da certificación correspondente que se deberá acreditar de xeito fidedigno ante a Secretaría Xeral para o Turismo, e non se considerará en ningún caso a axuda sen esta condición.

Non serán beneficiarios desta axuda os establecementos certificados coa marca Q de Calidade Turística do ICTE, baixo a fórmula de auditoría multi-site.

5. En ningún caso serán obxecto de subvención os gastos de xuros debedores en contas bancarias, os derivados de recargas e sancións administrativas e penais. Os tributos serán gasto subvencionable cando a persoa beneficiaria da subvención os aboe efectivamente. En ningún caso se van subvencionar os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

6. Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 12.000 euros no suposto de prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten.

Artigo 2. *Financiamento e concorrencia.*

1. As subvencións relativas á creación e mellora dos establecementos obxecto desta orde imputaranse á aplicación orzamentaria 11.02.761A.770.0 cofinanciada ao 70% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, cun crédito de 500.000 €.

2. As axudas que se poden conceder aos proxectos que se recollen nesta orde como actuacións subvencionables poderán alcanzar as seguintes contías:

– Os proxectos sinalados no punto 1.4.a) poderán acadar un máximo de axuda de ata o 40% do orzamento subvencionable. O importe subvencionado por este concepto será dun máximo de 50.000 €.

– Os proxectos sinalados no punto 1.4.b) poderán acadar un máximo de axuda de ata o 40% do orzamento subvencionable. O importe subvencionado por este concepto será dun máximo de 50.000 €.

– Os proxectos sinalados no punto 1.4.c) poderán acadar un máximo de axuda de ata o 30% do orzamento subvencionable. O importe subvencionado por este concepto será dun máximo de 20.000 €.

3. Ao estar este réxime de axudas suxeito ao Regulamento (CE) 1998/2006 relativo ás axudas *de minimis* (DOUE do 28.12.2006), deberase garantir que no caso de recibir o beneficiario outras axudas baixo este réxime *de minimis*, non se supere o límite de 200.000 euros nun período de tres exercicios fiscais. Este límite aplicarase independentemente da forma da axuda *de minimis* ou do obxectivo perseguido. O período determinarase tomando como referencia os dous exercicios fiscais anteriores e o exercicio fiscal en curso, de acordo co establecido no artigo 2 do citado regulamento.

4. Estas axudas son compatibles con calquera outra para o mesmo obxecto e finalidade, pero o seu importe en ningún caso poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións e axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo elixible (é dicir, excluídos os conceptos relacionados no artigo 1.5 da actividade subvencionada.

5. Estas axudas son incompatibles con outras financiadas con fondos europeos.

6. Os proxectos desenvolveranse no territorio de Galicia.

Artigo 3. *Beneficiarios.*

Os titulares de axencias de viaxe que contén con clasificación turística expedida pola Comunidade Autónoma galega e que estean comprendidos na definición de pequena ou mediana empresa (peme).

Defínese peme, segundo a Recomendación 2003/361/CE da Comisión, do 6 de maio de 2003, sobre a definición de microempresas, pequenas e medianas empresas (DO L 124, do 20.5.2003), en función dos seus efectivos e do seu volume de negocio e do seu balance anual.

Así, pequena empresa é aquela empresa que ocupa menos de 50 persoas e cuxo volume de negocios anual ou cuxo balance xeral anual non supera os 10 millóns de euros; mediana empresa é unha empresa que ocupa menos de 250 persoas e cuxo volume de negocios anual non excede os 50 millóns de euros ou cuxo balance anual non excede os 43 millóns de euros.

Os requisitos para ser beneficiario deberán cumprirse na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Non poderán obter a condición de beneficiario aqueles nos cales concurra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A acreditación de non estar incurso nas ditas prohibicións realizarase mediante declaración responsable do interesado.

As entidades beneficiarias non poderán ter a consideración de empresa en crise conforme o disposto no artigo 1, letra h), do Regulamento (CE) n.º 1998/2006, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis*.

Considérase empresa en crise se cumpre as seguintes condicións:

a) Se se trata dunha sociedade de responsabilidade limitada, que teña desaparecido máis da metade do seu capital subscrito e se teña perdido máis da cuarta parte nos últimos 12 meses ou

b) Se se trata dunha sociedade na cal, polo menos, algún dos seus socios ten unha responsabilidade ilimitada sobre a débeda da empresa, que teñan desaparecido máis da metade dos seus fondos propios, tal como se indican nos seus libros, e se teñan perdido máis da cuarta parte deles nos últimos 12 meses ou

c) Para todas as formas de empresas, que reúna as condicións establecidas no dereito nacional para someterse a un procedemento de quebra ou insolvencia.

Unha peme con menos de tres anos de antigüidade non se considerará empresa en crise durante ese período.

Artigo 4. *Solicitudes.*

As solicitudes para participar no procedemento de concesión das subvencións presentaranse na forma e prazo que se indiquen na convocatoria. Xunto coas solicitudes deberá achegarse a documentación xenérica para todas as liñas de actuación e a específica segundo a liña de axuda solicitada:

Documentación xenérica para todas as liñas de actuación:

a) Anexo II: modelo de solicitude normalizado.

b) Cando se trate de persoas xurídicas achegarase copia cotexada do CIF, do documento de constitución da sociedade e da documentación acreditativa de representatividade suficiente para actuar en nome da empresa. Se o solicitante é persoa física observarse o disposto no artigo 5 destas bases.

c) Memoria explicativa da actuación que se vaia desenvolver.

d) Orzamento desagregado por conceptos do investimento que se vai realizar. De ser o caso, o interesado achegará tres orzamentos de diferentes provedores, segundo dispón o artigo 1.6 destas bases reguladoras.

e) Prazo previsto, expresado en meses, para a execución indicando data de inicio (cronograma de realización).

f) Anexo III: modelo de declaracións.

– Declaración de conxunto das axudas solicitadas, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentas de resolución, para a actividade obxecto desta orde, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades. Farase mención expresa sobre calquera outra axuda *de minimis* recibida durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso.

– Declaración expresa de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

– Declaración de non ter a consideración de empresa en crise.

g) Certificación orixinal expedida pola entidade bancaria da titularidade da conta en que conste: código de banco, código de sucursal, díxito de control e código de conta corrente.

Documentación específica segundo a liña de actuación solicitada:

Liñas A e B) Deseño de paquetes turísticos de nova configuración e produtos existentes renovados.

– Indicación do número, tipoloxía e características dos produtos que presenta.

– De ser o caso, indicación dos medios humanos que dedicará ao seu deseño.

– Indicación dos medios de promoción que ten previsto empregar, número de exemplares, características técnicas e indicación das zonas de distribución e calendario previsto.

– Indicación das accións comerciais que prevé realizar e a que mercados van dirixidas. Previsión de actos promocionais e fam-trips.

Liña C) Liña de mellora dos establecementos e da calidade turística.

– Descrición do estado en que se atopa o establecemento ou empresa de cara á implantación do sistema de xestión de calidade; detalle das reformas necesarias para a acometer no local para a total implantación do sistema de xestión de calidade; e, se é o caso, cambios realizados e xestións xa efectuadas tendentes á implantación do sistema.

– Documento acreditativo da adhesión do establecemento ao Instituto para a Calidade Turística Española, emitido pola súa delegación territorial en Galicia, no caso de solicitudes de axuda que conduzan á certificación baixo a marca Q de Calidade Turística neste ano.

– No caso de axudas á certificación/seguimento/renovación da marca Q, orzamento da empresa auditora acreditada polo ICTE, no referido aos custos de certificación, seguimento e/ou renovación da marca. Tamén presentarán o correspondente orzamento emitido polo ICTE, correspondente á cota de mantemento e uso da marca.

– No caso de establecementos coa marca Q de Calidade Turística, documento acreditativo de certificación en vigor, emitido polo Instituto para a Calidade Turística Española.

– No caso de establecementos distinguidos con Compromiso de Calidade Turística, documento acreditativo do distintivo de compromiso de calidade turística de boas prácticas en vigor concedido por un destino SICTED (Sistema de Calidade Turística Española en Destinos) na Comunidade Autónoma de Galicia.

– Se é o caso, documentos acreditativos relativo ás certificacións e/ou distintivos de calidade e/ou calidade ambiental do establecemento solicitante.

Artigo 5. *Consentimentos e autorizacións.*

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras. Para os efectos do previsto no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a presentación da solicitude de concesión da subvención comportará a autorización do solicitante para que o órgano concedente obteña de forma directa os datos de carácter persoal que figuren no DNI do interesado e a acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, a través de certificados telemáticos.

Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, facéndoo constar expresamente no formulario de solicitude, debendo presentar entón o DNI e as certificacións ás cales fai referencia este punto.

Igualmente, de conformidade co mesmo artigo 20.3 da Lei 9/2007, se o solicitante indica que certa documentación que se deba usar neste procedemento xa figura no poder da Administración, a presentación da solicitude implica a autorización ao órgano instrutor para acceder a ela. Para estes efectos, a documentación debe manterse vixente e identificarse no formulario de solicitude o procedemento administrativo para o que foi presentada.

En calquera caso, nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano instrutor poderá requirirle ao solicitante a presentación da documentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

2. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións

da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos, todo isto consonte o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, pola que se regula a protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

3. De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, esta consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

Así mesmo a aceptación do financiamento implica a aceptación da súa inclusión na lista de beneficiarios publicada de conformidade cos artigos 6 e 7, punto 2, letra d), do Regulamento (CE) n.º 1828/2006 da Comisión, que establece que a autoridade de xestión será responsable da organización de, polo menos, as seguintes medidas de información e publicidade: publicación, electrónica ou por outros medios, da lista de beneficiarios, os nomes das operacións e a cantidade de fondos públicos asignada ás operacións.

4. A Consellería de Cultura e Turismo velará polos datos de carácter persoal que serán obxecto de tratamento, e para eses efectos procederase á súa incorporación a un ficheiro que cumprirá as exixencias da Lei 15/1999, de protección de datos, e adoptaranse tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas.

A finalidade da recolla e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente e as que deriven da aplicación da Lei 4/2006, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega.

Os datos non serán obxecto de cesión a terceiros, non obstante, a Consellería de Cultura e Turismo revelará ás autoridades públicas competentes os datos persoais e calquera outra información que estea no seu poder ou sexa accesible a través dos seus sistemas e sexa requirida, de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso. Decláranse recoñecidos e poderán exercerse os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición por escrito e achegando identificación suficiente ao seguinte enderezo: edificio administrativo San Caetano, San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela.

la, ou ben mediante o procedemento habilitado para o efecto e que poderá atopar na Guía do Cidadán da páxina web da Xunta de Galicia.

Artigo 6. Órganos competentes.

A Secretaría Xeral para o Turismo será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión da subvención e correspóndelle ao conselleiro de Cultura e Turismo ditar a resolución de concesión.

Artigo 7. Instrución dos procedementos.

1. De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria requirírase o interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixese, se considerará que desistiu na súa petición, logo da correspondente resolución.

2. Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, e de conformidade co establecido nos artigos 59.6 b), 60 e 61 da indicada Lei 30/1992, os requirimentos citados de emenda poderanse facer mediante publicación no DOG, e producirán os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará no taboleiro de anuncios da páxina web da Consellería de Cultura e Turismo ao cal se remitirá desde o texto publicado no DOG. Se a instrución do procedemento o aconsellase, o órgano competente poderá substituír esta publicación no DOG e na web, pola notificación individualizada de conformidade co establecido no artigo 59 da Lei 30/1992.

3. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderáselle requirir ao solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

4. O Servizo de Turismo da xefatura territorial da Consellería de Cultura e Turismo achegará un informe que deberá indicar as datas de clasificación turística do establecemento.

Segundo a natureza do investimento e a liña de actuación solicitada, achegaranse os seguintes:

Informe da Área de Novos Produtos de Turgalicia sobre o interese turístico da solicitude e adecuación á liña de actuación correspondente.

Informe da Área de Xestión da Calidade de Turgalicia sobre a adecuación dos conceptos da solicitude da axuda aos requirimentos da norma específica de aplicación para a certificación coa marca Q.

Estes informes achegaranse cunha antelación mínima de dez días previos á realización da comisión de valoración.

5. Unha vez revisadas as solicitudes e feitas as emendas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración, de acordo co establecido no artigo seguinte.

6. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, en que se indicarán as causas desta.

Artigo 8. *Comisión de valoración.*

1. A comisión de valoración será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos fixados no artigo seguinte, así como de propoñer a concesión ou denegación das subvencións aos interesados.

2. A composición da comisión de valoración será a seguinte:

- a) O/a subdirector/a xeral de Xestión, Fomento e Cooperación, que a presidirá.
- b) Os/as xefes/as do Servizo de Turismo de cada un das xefaturas territoriais da Consellería de Cultura e Turismo.
- c) O/a xefe/a do Servizo de Cooperación Institucional, Promoción e Formación, da Secretaría Xeral para o Turismo, que exercerá as funcións de secretario/a.
- d) O/a xefe/a do Servizo de Ordenación, da Secretaría Xeral para o Turismo.
- e) O/a xefe/a da Área de Xestión de Calidade de Turgalicia.
- f) O/a xefe/a da Área de Novos Produtos de Turgalicia.
- g) O/a xefe/a da Área de Turismo Rural e Interior de Turgalicia.

Os/as suplentes serán designados/as pola Secretaría Xeral para o Turismo.

3. Na proposta de concesión que formule a comisión figurarán de xeito individualizado os solicitantes propostos para obter a subvención, especificándose a avaliación que lles corresponde, segundo os criterios recollidos no artigo seguinte e indicando o importe da concesión que se propón para cada un deles.

4. No caso de existiren solicitudes que non figuran na proposta anterior por razón do baremo aplicado ao terse esgotado o crédito dispoñible, a comisión poderá emitir propostas sucesivas de concesión, ben por dispor de crédito por producirse algunha renuncia ou modificación nos proxectos inicialmente propostos ou ben por incremento do orzamento inicialmente destinado a esta subvención.

Artigo 9. *Criterios de valoración.*

Os proxectos ou actuacións que se presenten deberán ser técnica, económica e financeiramente viables, e os criterios de avaliación que servirán de base para a determinación da preferencia na concesión da subvención serán os seguintes, e cada unha delas terá o peso que se especifica:

1. A priorización de produtos: cultural, deportivo, chárter náutico, caza, pesca, golf, termal, enogastronomía, natureza e Camiño de Santiago. Ata 20 puntos.

2. Orientación da oferta ao público familiar, á xuventude e a colectivos minoritarios. Ata 10 puntos.

3. Incidencia na desestacionalización do destino Galicia. Ata 15 puntos.

4. Que o establecemento solicitante acredite o seu compromiso coa calidade turística. Ata 15 puntos.

– Acreditando certificación da marca Q de Calidade Turística do ICTE. Ata 5 puntos.

– Acreditando a súa adhesión vixente para o ano 2011 ao ICTE, no caso de establecementos aínda non certificados co Q de Calidade Turística: 5 puntos.

– Acreditando o distintivo en boas prácticas de compromiso de calidade turística concedido por un destino SICTED (Sistema de Calidade Turística Española en Destinos) na Comunidade Autónoma de Galicia: 5 puntos.

5. Atendendo á súa localización. Ata 10 puntos.

– Presenza de destinos do interior de Galicia ou situados en zonas rurais con tendencia á despoboamento. Ata 5 puntos.

– Actuacións que se leven a cabo nas provincias de Lugo e Ourense. Ata 5 puntos.

7. Posicionamento do produto en mercados nacionais ou internacionais. Ata 10 puntos.

8. Que o paquete turístico presente unha oferta accesible a persoas e colectivos con discapacidade. Ata 10 puntos.

9. Creatividade na actualización de materiais promocionais e insercións publicitarias e evolución respecto ao xa existente. Ata 10 puntos.

Artigo 10. *Audiencia.*

Efectuada a avaliación, a comisión fará un informe en que se concretará o seu resultado, á vista do cal, o órgano instrutor elaborará unha proposta de resolución provisional debidamente motivada que deberá serlle notificada aos interesados para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións de acordo co establecido no artigo 21.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 11. *Resolución e notificación.*

1. Examinadas as alegacións, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución definitiva e elevaraa ao conselleiro de Cultura e Turismo.

2. O conselleiro, á vista da proposta de resolución, ditará no prazo de 15 días desde a súa elevación, a correspondente resolución, que deberá estar debidamente motivada e na cal, en todo caso, quedarán debidamente xustificadas todos os extremos contidos no artigo 34.4 do regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

3. O prazo máximo para resolver e notificarlle a resolución ao interesado será de seis meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación da orde de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Se transcorrese o prazo máximo para resolver sen que recaese resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

4. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 59.6 b) da indicada lei, no caso das subvencións concedidas poderase substituír a notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Cultura e Turismo. Nesta publicación especificarase a data da convocatoria, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada. Coa publicación no DOG poderán remitirse os beneficiarios a que consulten información detallada da resolución nun taboleiro de anuncios da citada web.

As solicitudes desestimadas notificaranse individualmente, con indicación das causas da desestimación. Non obstante, poderase substituír esta notificación individual pola publicación no DOG, coa indicación de que os non beneficiarios consulten a información detallada da súa resolución nun taboleiro de anuncios da citada web.

Artigo 12. *Réxime de recursos.*

As resolucións ditadas ao abeiro da correspondente orde de convocatoria poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Cultura e Turismo, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 13. *Modificación da resolución.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á

modificación da resolución de concesión, segundo o artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O acto polo que se acorde ou denegue a modificación da resolución será ditado polo conselleiro de Cultura e Turismo, logo da instrución do correspondente expediente en que se lle dará audiencia ao interesado nos termos previstos no artigo 10.

Artigo 14. *Aceptación e renuncia.*

1. Notificada a resolución definitiva polo órgano competente, os interesados propostos como beneficiarios disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa en contra, entenderase tacitamente aceptada.

2. Coa aceptación o beneficiario consente a publicación da resolución en que se lle concede a axuda na lista de beneficiarios prevista nos artigos 6 e 7.2 d) do Regulamento (CE) 1828/2006, da Comisión.

3. A renuncia á subvención poderase facer axustándose ao modelo que se inclúe como anexo IV, así como por calquera outro medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 91 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No caso de que se comunicase a renuncia en prazo, o conselleiro ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 42.1 da mesma lei.

Artigo 15. *Obrigas dos beneficiarios.*

1. Os beneficiarios das subvencións adquiren as obrigas, establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e as sinaladas nesta orde. Así, sen prexuízo dos demais compromisos que resulten da normativa aplicable obríganse ao seguinte:

a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.

b) Manter o investimento subvencionado e a súa actividade en Galicia durante un período mínimo de cinco (5) anos, contados desde a data en que se produza a liquidación definitiva da subvención.

c) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención.

d) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o que se achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

e) Comunicarlle á Secretaría Xeral para o Turismo da Consellería de Cultura e Turismo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Por estar esta convocatoria suxeita ao réxime *de minimis* tamén deberá comunicar calquera axuda obtida polo beneficiario baixo este réxime neste ano fiscal e nos dous anteriores. Estas comunicacións deberán efectuarse tan axiña como se coñezan e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

f) Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión, así como antes das correspondentes propostas de pagamento, que está ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma. No caso de que as actuacións de oficio levadas a cabo polo órgano instructor, consonte o artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, desen como resultado que o solicitante ou o beneficiario ten débedas ou obrigas con algunha destas administracións, requirirase o solicitante ou beneficiario para que regularice a situación e presente por si mesmo o correspondente certificado.

g) O beneficiario deberá conservar a documentación contable e de todo tipo relativa á execución dos gastos do proxecto obxecto da subvención por un período de 3 anos a partir do peche do programa operativo, de conformidade co artigo 89, número 3, do Regulamento 1083/2006 do Consello. Así mesmo, queda obrigado a manter unha separación contable adecuada para os gastos relacionados coa axuda que facilite a «pista de auditoría».

h) Os beneficiarios deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 15.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. En concreto, as entidades beneficia-

rias de axudas deberán facer constar, na súa publicidade ou na información que xeren en relación co proxecto subvencionado, o cofinanciamento dos seus activos con fondos europeos Feder, así como pola Xunta de Galicia, segundo o establecido no Decreto 409/2009, sobre identidade corporativa da Xunta de Galicia, podendo descargarse o logotipo no seguinte enlace: www.xunta.es/descarga-do-manual e o emblema normalizado da Unión Europea coa lenda «Unión Europea. Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional» (Feder). Precedendo os emblemas empregarase a lenda «Unha maneira de facer Europa». Os custos correspondentes á dita publicidade serán por conta do beneficiario da subvención.

Así mesmo, deberán cumprir as medidas en materia de información e publicidade reguladas na sección 1 do capítulo II do Regulamento (CE) 1828/2006, da Comisión, do 8 de decembro de 2006, polo que se fixan normas de desenvolvemento para o Regulamento (CE) 1083/2006, do Consello (DOUE 27.12.2006 L371), coas modificacións introducidas polo Regulamento (CE) 846/2009, da Comisión, do 1 de setembro de 2009, (DOUE 23.9.2009, L250) ao Regulamento (CE) 800/2008 (DOUE L 9.8.2008). Estas medidas de información e publicidade están recollidas na Guía de publicidade e información das intervencións cofinanciadas polos fondos estruturais 2007–2013 que pode consultarse na páxina web <http://conselleriadefacenda.es/web/portal/guia-intervencions-cofinanciadas-fe>.

Cando se materialice nunha aplicación informática deberán facerse as citadas referencias na zona de inicio ou menú principal da aplicación informática, así como na epígrafe de información da aplicación (axuda, acerca de ou similares).

Cando o proxecto dea lugar a documentación (manuais, cadernos, folletos, notas informativas, CD–Rom) deberán constar na contraportada das ditas publicacións as citadas referencias.

i) Reintegrar, total ou parcialmente, o importe percibido pola subvención concedida, así como os correspondentes xuros de demora xerados desde o momento do pagamento, nos seguintes casos:

- Por incumprimento dos compromisos e obrigas relacionados neste artigo.
- Por incumprimento da obriga de xustificación ou xustificación insuficiente nos prazos e termos establecidos nesta orde.
- Obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión, con falsificación das condicións requiridas para isto ou ocultación daquelas que o impedisen.

– Incumprimento total ou parcial do obxectivo da actividade, do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamentou a subvención.

– Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos, cando disto derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o incumprimento do obxectivo ou a concorrencia con outras axudas para a mesma finalidade percibidas de calquera Administración ou ente público ou privado.

– Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

Artigo 16. *Subcontratación.*

Queda excluída a subcontratación das actividades subvencionadas ao abeiro desta convocatoria, non obstante, en aplicación do disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non se inclúe nesta prohibición a contratación daqueles gastos en que o beneficiario teña que incurrir para a realización por si mesmo da actividade subvencionada.

Artigo 17. *Xustificación da subvención.*

Para cobrar a subvención concedida, o beneficiario terá de prazo ata o 30 de novembro de 2011 para presentar nos lugares sinalados no artigo 3 da convocatoria a documentación xustificativa xenérica para todas as liñas de actuación e a específica segundo a liña de axuda subvencionada:

Documentación xenérica para todas as liñas de actuación

- a) Solicitude de cobramento segundo o modelo do anexo V.
- b) Facturas que deberán especificar a que concepto corresponden segundo o investimento que serviu de base para a concesión da subvención, xunto coas certificacións bancarias ou, no seu defecto, copias das ordes de transferencia, que xustifiquen o seu pagamento.
- c) Certificados expedidos polos organismos competentes acreditativos de estar ao día nas obrigas tributarias coas facendas do Estado e da comunidade autónoma, así como nas obrigas coa Seguridade Social, e de non ter ningunha débeda pendente por ningún concepto con ningunha Administración pública. Non obstante, a presentación da solicitude de subvención comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións

que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

d) Declaración actualizada de conxunto das axudas solicitadas, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a actividade obxecto desta orde, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades. Farase mención expresa sobre calquera outra axuda *de minimis* recibida durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso. Pode utilizarse actualizado o anexo III: modelo de declaracións.

e) Declaración responsable onde se recollan expresamente os compromisos a que se fai referencia no artigo 15 das bases reguladoras. Pode utilizarse actualizado o anexo III: modelo de declaracións.

Documentación específica segundo a liña de actuación solicitada

Liña C) Liña de mellora dos establecementos e da calidade turística.

– No caso de certificación de calidade Q, documento acreditativo de certificación emitido polo ICTE.

2. O investimento xustificado ten que coincidir coa resolución de concesión da subvención, ou as modificacións autorizadas. De non xustificarse o investimento executado quedará anulada toda a subvención, non obstante, se a xustificación fose inferior ao investimento previsto, sempre que se manteña a finalidade da subvención, minorarase a concesión proporcionalmente ao investimento non xustificado e, para o caso de que o executado non cumprise o fin para o que se concedeu a subvención, quedaría anulada na súa totalidade.

3. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. Neste caso o conselleiro ditará a oportuna resolución, nos termos do artigo 42.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 18. *Pagamento.*

1. Recibida a documentación xustificativa da subvención, os órganos competentes da consellería, antes de proceder ao seu pagamento, poderán realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da actividade subvencionada.

2. Nas subvencións de capital superiores a 60.000 euros, no seu cómputo individual, destinadas a investimentos en activos tanxibles, será requisito imprescindible a comprobación material do investimento polo órgano concedente, e quedará constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada tanto polo representante da Administración como polo beneficiario.

A comprobación material poderáselle encomendar a outro órgano distinto do que concedeu a subvención.

Excepcionalmente, a comprobación material poderase substituír por unha xustificación documental que constate de forma razoable e suficiente a realización da actividade subvencionada.

Artigo 19. *Incumprimento, reintegros e sancións.*

1. O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes.

2. Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e á súa normativa de desenvolvemento.

3. Cando o cumprimento polo beneficiario se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se acredite unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos compromisos adquiridos, a cantidade que hai que reintegrar responderá ao principio de proporcionalidade e determinarase aplicando os mesmos criterios de avaliación que se empregaron para a concesión referidos á realidade finalmente comprobada.

4. Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 20. *Control.*

1. A Consellería de Cultura e Turismo poderá levar a cabo as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento das subvencións.

2. Alén do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como aos dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

Artigo 21. *Publicidade.*

No prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución da concesión, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, beneficiario ou programa e crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

Igualmente, farano na correspondente páxina web oficial nos termos previstos no artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega.

Malia o anterior, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a tres mil euros (3.000 €), non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que será substituída pola publicación das subvencións concedidas na páxina web da Consellería de Cultura e Turismo.

Artigo 22. *Remisión normativa.*

Son de aplicación directa o Regulamento comunitario 1998/2006 relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis*, o Regulamento comunitario 1083/2006 relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), ao Fondo Social Europeo (FSE) e ao do Fondo de Cohesión, no Regulamento comunitario 1828/2006 relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) e ao resto de normativa que resulte de aplicación.

Supletoriamente aplicarase o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO
 Secretaría Xeral para o Turismo

ANEXO II



UNIÓN EUROPEA
 FONDO EUROPEO DE
 DESENVOLVEMENTO REGIONAL
 "Unha maneira de facer Europa"

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS A ENTIDADES OPERADORAS DE AXENCIAS DE VIAXE PARA A PROMOCIÓN E COMERCIALIZACIÓN DO DESTINO GALICIA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO CT983J	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO/DA SOLICITANTE

APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL		NOME		NIF	
ENDEREZO		LOCALIDADE		CONCELLO	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	
NOME E APELIDOS DO REPRESENTANTE LEGAL ¹					NIF
ENDEREZO PARA NOTIFICACIÓNS		TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	

LOCALIZACIÓN E DESCRICIÓ DO PROXECTO

PROVINCIA	CONCELLO
NOME COMERCIAL	
CUSTO DO INVESTIMENTO	FINANCIAMENTO DO PROXECTO
Execución material	Recursos propios
Outros investimentos subvencionables	Préstamos
Importe neto	Préstamos pemes
Impostos-taxas	Outras subvencións
TOTAL	TOTAL

EXPÓN:
 Que vista a orde de subvencións publicada no DOG n.º _____ do _____ de 20____, e considerando reunir os requisitos exixidos conforme a memoria e demais documentación que se presenta e coa expresa aceptación de todos os termos da convocatoria, e coa finalidade de realizar o proxecto de: _____ ²

SOLICITA:
 Unha axuda para completar o financiamento do sinalado proxecto

¹ Neste caso débese actuar no procedemento consonte o artigo 32 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do PAC.

² Tense que poñer o obxecto do investimento, segundo o proxecto presentado.

Autorizo a consellería, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009, que a desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia.

SI NON

Quen abaixo asina **DECLARA QUE:** presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Cultura e Turismo para que, de acordo co establecido nos puntos 3 e 4 do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

LEXISLACIÓN APLICABLE
Orde do 2 de maio de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a axencias de viaxe para a promoción e comercialización do destino Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2011, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007-2013 (CT 983J).

SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE LEGAL

Lugar e data _____ de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
	DATA DE EFECTOS
	DATA DE SAÍDA

Secretaría Xeral para o Turismo.
 Consellería de Cultura e Turismo



XUNTA DE GALICIA

ANEXO III



DECLARACIÓNS

Don/Dona con NIF n.º

en nome e representación da entidade

que ten o seu enderezo en

DECLARA:

Non ter solicitada nin, en consecuencia, aprobada, concedida ou pendente de resolución axuda ningunha para a actividade obxecto desta orde, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

Ter solicitada, aprobada, concedida ou pendente de resolución as axudas para a realización da actividade a que se refire esta solicitude, que se detallan a continuación. Farase mención expresa sobre calquera axuda *de minimis* recibida durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso.

DENOMINACIÓN DO ORGANISMO, SOCIEDADE OU ENTIDADE PÚBLICA A QUE SE LLE SOLICITOU A AXUDA	IMPORTE	SITUACIÓN (SOLICITADA, APROBADA/CONCEDIDA, OU PENDEnte DE RESOLUCIÓN)	DATA DE CONCESIÓN
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Non estar incurso/a en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións..

Non ter a consideración de empresa en crise conforme o disposto no artigo 1, letra h) do Regulamento (CE) núm. 1998/2006, do 15 de decembro, relativo a aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis*.

Lugar e data

, de de

(Sinatura)

Secretaría Xeral para o Turismo.
Consellería de Cultura e Turismo

CVE-DOG: 74dbd2eb-34d2-4c72-a580-61ac88bcf789

ANEXO IV



MODELO DE RENUNCIA

Don/Dona , co NIF n.º ,
actuando en nome e representación da entidade , que ten o seu
endereço en

MANIFESTA:
Que o día recibiu a notificación da concesión da subvención que lle foi outorgada ao abeiro da orde da Consellería de Cultura e Turismo pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións a entidades operadoras de axencias de viaxe para a promoción e comercialización do destino Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2011, con clave de expediente para o proxecto , por unha contía de euros.

DECLARA:
Que renuncia á subvención concedida, cos efectos que establece a Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Lugar e data

, de de
(Sinatura)

Secretaría Xeral para o Turismo.
Consellería de Cultura e Turismo

ANEXO V



SOLICITUDE DE COBRAMENTO DA SUBVENCIÓN

BENEFICIARIO	NIF	EXPEDIENTE N.º
INVESTIMENTO SUBVENCIÓNABLE APROBADO	SUBVENCIÓN CONCEDIDA	INVESTIMENTO XUSTIFICADO

Don/Dona _____
 en nome e representación de _____
 titular do expediente de referencia, promovido ao abeiro da orde da Consellería de Cultura e Turismo pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a entidades operadoras de axencias de viaxe para a promoción e comercialización do destino Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007-2013 e se procede á súa convocatoria para o ano 2011.

EXPÓN:
 Que no período comprendido entre o _____ e o _____, executouse o gasto relativo a _____, que comprende os conceptos e importes aprobados como subvencionables para o investimento de referencia, por resolución do conselleiro de Cultura e Turismo do _____, por un importe de _____ euros.

Que para a tramitación da proposta de pagamento da subvención concedida, segundo o sinalado no artigo 17 do anexo I da antedita orde, achega a seguinte documentación:

- Facturas desagregadas e certificacións bancarias ou copias das ordes de transferencia, que xustifiquen o seu pagamento.
- Certificacións de estar ao día nas obrigas tributarias coas facendas do Estado e da comunidade autónoma e nas súas obrigas coa Seguridade Social.
- Declaración responsable, onde se recollan os compromisos e obrigas a que fai referencia o artigo 15 das bases reguladoras.
- Declaración actualizada de conxunto das axudas solicitadas, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a actividade obxecto desta orde, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades. Farase mención expresa sobre calquera outra axuda *de minimis* recibida durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso (anexo III).
- No caso de certificación de calidade Q, documento acreditativo de certificación emitido polo ICTE.

SOLICITA:
 Que se lle liquide a _____, titular do expediente de referencia, a subvención concedida por importe de _____ e que corresponde á execución do investimento aprobado e que representa o _____ % do investimento subvencionable que se xustifica.

Lugar e data _____, de _____ de _____
 O/a titular da subvención

Asdo.: _____

Secretaría Xeral para o Turismo.
 Consellería de Cultura e Turismo